



CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA PRIMEIRA PROBA

A proba constará dun total de 60 preguntas cunha puntuación máxima de 60 puntos.

A puntuación total obtida será transformada a unha escala de 1 a 10 puntos; para o efecto aplicarase unha proporcionalidade directa, baseada na puntuación máxima alcanzable.

A proba será considerada como superada cando a puntuación final, en escala de 1 a 10, sexa igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS 20 PREGUNTAS DE OPCIÓN MÚLTIPLE

- Existe unha única resposta correcta
- Cada resposta correcta sumará 1 punto.
- Cada resposta incorrecta será penalizada, restando 0,5 puntos.
- As preguntas en branco non computarán positiva nin negativamente.
- As 4 preguntas adicionais de reserva iranse utilizando progresivamente, no caso de anulación dalgunha das preguntas iniciais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS 40 PREGUNTAS DE RESPUESTA CURTA

Cada pregunta correcta valorarase cun máximo de 1 punto, aplicando os seguintes criterios de avaliación:

1. Corrección e precisión técnica:
 - Exactitude da resposta: información relevante que reflicta coñecemento rigoroso e preciso do tema, axeitado ao marco normativo.
 - Grao de especificidade: concreción, concisión, claridade, ausencia de ambigüidades na resposta, axustándose ao espazo establecido para responder.
 - Terminoloxía técnica axeitada. Emprego de termos específicos e precisos, evitando vocabulario xenérico desprovisto de valor científico.
 - Estrutura da resposta de maneira comprensible, cunha redacción que facilita a interpretación.
2. Coñecemento normativo e contextual, con referencia explícita a normativas, leis ou regulamentos que fundamentan a resposta. Valorarase con 0.5 puntos.

Poderanse aplicar puntuacións parciais inferiores, dependendo da adecuación da resposta aos criterios de avaliación especificados, e da mención explícita da normativa que fundamenta a resposta.

As respostas incorrectas serán valoradas con 0 puntos.

A COMISIÓN AVALIADORA

